

Resolución do Tribunal designado pola Resolución do 2 de decembro de 2024, (DOG núm. 238 do 11 de decembro de 2024), que deberá cualificar o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector (códigos de procedemento PR461F e PR461J), convocado mediante a Orde do 19 de setembro de 2024 (DOG núm. 188, do 30 de setembro)

En sesión que tivo lugar o 22.01.2025, este tribunal

ACORDOU:

Primeiro. Publicar como Anexo I a listaxe de cualificacións provisionais obtidas no primeiro exercicio deste proceso selectivo.

Segundo. Conceder un prazo de tres días hábiles, desde a publicación desta resolución, para presentar alegacións ás cualificacións provisionais do primeiro exercicio (23, 24 e 27 de xaneiro).

Segundo a base 3.8, todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Terceiro. Remitir ao servizo de selección, coordinación e planificación da Agasp esta resolución e o Anexo I para a súa publicación na súa páxina web e na súa sede.

Segundo o punto 5.10 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso de alzada ante o Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública no prazo dun mes desde a publicación desta resolución na



páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (agasp.xunta.gal), nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Estrada, 22 de xaneiro de 2024

A presidenta do Tribunal

